

DESCRIPCIÓN DO MARCO LEGAL E DALGUNHAS IDEAS REFERENTES Á INSPECCIÓN E AO CONTROL DAS PESCAS NA UNIÓN EUROPEA LOGO DA REFORMA DA POLÍTICA COMÚN DAS PESCAS ¹

XAVIER VÁZQUEZ ÁLVAREZ
Dirección Xeral de Pesca e Asuntos Marítimos
Comisión Europea

Recibido: 7 de novembro de 2005

Aceptado: 21 de abril de 2006

Resumo: O autor considera que unha aplicación rigorosa da Política Común das Pescas (PCP) é un requisito para o éxito das orientacións en materia de xestión e conservación dos recursos pesqueiros. Nese contexto, analiza os cambios principais que caracterizan a reforma da PCP, repasa os obxectivos da Comisión Europea en materia de control e inspección para asegurar o cumprimento da normativa comunitaria en materia de pesca, e describe o proceso de reforzamento e harmonización do control e da aplicación práctica das medidas de conservación dos recursos que culminou na proposta da Comisión Europea para a creación dunha Axencia de Control de Pesca.

Palabras clave: Inspección e control das pescas / Política Común das Pescas / Axencia de Control da Pesca.

DESCRIPTION OF THE LEGAL FRAMEWORK AND SOME IDEAS CONCERNING FISHERIES CONTROL AND INSPECTION IN THE EUROPEAN UNION AFTER THE REFORM OF THE COMMON FISHERIES POLICY

Abstract: The author considers that a rigorous application of the rules of the Common Fisheries Policy (PCP) is a prerequisite for the success of the fisheries resources conservation policy. In this context analyses the main changes characterising the Reform of the PCP, summ up the European Commission objectives an priorities concerning control and inspection issues ensuring compliance of the Community fishery rules and describes the process conducting to strengthen and harmonising control and enforcement and the practical implementation of the management measures in place to protect fishery resources and how this process conduct to the creation o Fisheries Control Agency.

Keywords: Fishery control and enforcement / Common Fisheries Policy / Fisheries Control Agency.

1. O CONTROL DAS PESCAS NA COMUNIDADE

Unha aplicación rigorosa das regras da Política Común das Pescas (PCP) é un requisito previo para o éxito das orientacións en materia de xestión e de conservación dos recursos pesqueiros. De acordo coa lexislación comunitaria, as responsabilidades en materia de inspección, control e vixilancia son exclusivas dos Estados membros. En efecto, para que a PCP acade os seus obxectivos cada Estado membro

¹ A interpretación, análise e puntos de vista que aquí se presentan son os do autor, e non presupoñen a presentación da posición da Comisión Europea.

ten que asumir as súas responsabilidades en materia de control. A Comisión Europea, pola súa parte, terá que facilitar as tarefas dos Estados membros, e actuar de tal xeito que asegure unha aplicación e un cumprimento efectivo, uniforme e non discriminatorio das regras da PCP. As debilidades nos sistemas estatais de control implican unha ausencia de uniformidade, que leva de seu, consecuentemente, unha aplicación discriminatoria no ámbito comunitario.

O Regulamento (CEE) núm. 2847/93 do Consello, de 12 de outubro de 1993, que establece un sistema de control aplicable á Política Común das Pescas² (chamado o “regulamento de control”), entrou en vigor o 1 de xaneiro de 1994. Foi modificado varias veces³, en particular polo Regulamento (CE) núm. 686/97, que establece un sistema de vixilancia por satélite (VMS) no ámbito comunitario, e polo Regulamento (CE) núm. 2846/98 do Consello, que ten como obxectivos reforzar a coordinación dos sistemas de vixilancia, mellorar a trazabilidade dos produtos da pesca e desenvolver a normativa referida ao control de barcos de países terceiros (non comunitarios) que operen en augas comunitarias ou que descarguen nos portos comunitarios.

O regulamento de control, xunto con outros regulamentos específicos, contén en particular obrigas en materia de control aprobadas polas organizacións rexionais de pesca (ORP), definindo o marco legal dos requirimentos mínimos aplicables ás actividades pesqueiras exercidas polos buques de pesca comunitarios, ben nas augas comunitarias ben alén dos límites desas augas.

Ademais, para avaliar mellor o cumprimento das normas e mellorar así a transparencia informativa da aplicación da PCP, o Regulamento (CE) núm. 1447/99 do Consello⁴ establece unha lista de “tipos de comportamento que infrinxen seriamente as disposicións da PCP”, coa obriga dos Estados membros de notificarlle regularmente á Comisión Europea as infraccións graves detectadas e as accións levadas a cabo.

Recentemente foi publicado un relatorio da Comisión sobre o control da aplicación da PCP polos Estados membros para o período 2000-2002⁵, que é o último producido dunha serie de catro relatorios similares e que contribúe, certamente, a delimitar as responsabilidades dos Estados membros en materia de control. O relatorio anterior⁶, que cubría o período 1996-1999, contribuíu en gran medida á reforma da PCP. As conclusións do relatorio para o período 2000-2002 poden resumirse como segue:

- Verifícase frecuentemente unha falta de uniformización na execución das medidas de control. Esta falta de uniformización é particularmente notoria no que res-

² DO L 261, do 20/10/93.

³ A última polo de agora é o Regulamento 1954/03.

⁴ DO L 167, do 02/07/99.

⁵ Documento COM (2004) 849 final, de 04/01/05.

⁶ Documento COM(2001) 526 final, de 28/09/01.

pecta ao seguimento das infraccións, xa que o tratamento das infraccións e dos respectivos responsables varía considerablemente entre diferentes partes da Comunidade, entre os Estados membros e mesmo no interior de cada Estado membro.

- As tecnoloxías avanzadas, como o sistema de monitorización por satélite (VMS), deberían continuar sendo utilizadas e desenvolvidas co fin de permitir unha melloría da metodoloxía e da estratexia de control. Debidamente integradas en sistemas de control máis sofisticados, serán un complemento inestimable para o establecemento de sistemas de control que sexan á vez eficientes e eficaces en termos de custos.
- Para obter os resultados desexados, será necesario a aplicación de estratexias de control no ámbito comunitario que complementen as estratexias no ámbito estatal. De conformidade, a cooperación e a coordinación entre Administracións a todos os niveis deben ser considerablemente reforzadas, tendo a Axencia Comunitaria de Control das Pescas un papel crucial que desempeñar nesa materia.

2. RESUMO DOS PRINCIPAIS CAMBIOS QUE CARACTERIZAN A REFORMA DA PCP

Desde o 1 de xaneiro de 2003, a Unión Europea ten unha nova PCP⁷. Despois de vinte anos, a política existente non estaba adaptada aos drásticos cambios que aconteceran durante ese período, sobre todo no que respecta ás pesqueiras nas augas comunitarias e fóra delas, ás novas regras internacionais da Comisión, á modificación nos hábitos de consumo de peixe ou ao desenvolvemento tecnolóxico das pesqueiras (detección de cardumes, incremento da potencia dos motores para posibilitar o arrastre en augas profundas, engorde de peixes en gaiolas en mar aberto, etc.) polo que se facía necesario un marco legal renovado para acadar dous obxectivos que no inicio poderían semellar contradictorios como son a conservación dos recursos mariños vivos e a viabilidade económica do sector pesqueiro (entendéndose coma un todo, desde a captura ao consumo, pasando pola transformación industrial e polos mecanismos de mercado). Era necesaria unha reforma para acadar pesqueiras sostibles e equilibrar os puntos de vista biolóxico, ambiental e económico.

O que se modificou coa reforma pode ser resumido da seguinte maneira:

- A adopción dun enfoque no longo prazo na xestión das pescas: antes da reforma, as medidas relacionadas coas posibilidades de pesca e coas condicións adicionais (tanto en termos de dispoñibilidade de cotas coma en esforzo de pesca desenvolvido) decidíanse anualmente.

⁷ Regulamento (CE) núm. 2371/02 do Consello, de 20 de decembro de 2002, sobre a conservación e a explotación sostible dos recursos mariños no marco da PCP. DO Serie L núm. 358, de 31/12/02, pp. 59 e ss.

- Unha nova política de flota: a reforma respondeu ao desafío que constitúe a sobrecapacidade crónica da flota pesqueira europea, aprobando dous tipos de medidas:
 - 1) Unha política de flota máis simple que leve a que os Estados membros teñan que equilibrar no ámbito interno a súa capacidade coas posibilidades de pesca en termos de cota.
 - 2) Unha redución progresiva da axuda pública aos investidores privados para axudalos a renovar ou a modernizar os seus barcos de pesca, mantendo a axuda para mellorar a seguridade dos navíos e as condicións de traballo a bordo.
- A participación do sector no proceso de xestión: os consellos consultivos rexionais (CCR) foron constituídos para permitirlles aos xestores beneficiárense dos coñecementos e da experiencia dos mariñeiros e doutros axentes implicados no sector, e para ter en conta as diferentes circunstancias nas augas comunitarias. Eses foros constituídos por mariñeiros, por científicos e por outros axentes (representantes do sector transformador, por exemplo) deberán garantir unha maior integración entre eles e a súa participación no proceso de toma de decisións. Os CCR poden ser consultados pola Comisión Europea e poden tamén tomar a iniciativa de presentar recomendacións que teñan que ver coa posta en práctica das regras da PCP.
- A harmonización e o reforzamento do control e a súa aplicación: para asegurar unha mellor posta en práctica da PCP, o sistema comunitario de control e aplicación ten que ser reforzado e a división de responsabilidades entre os Estados membros e a Comisión Europea clarificada. Isto debe ter como resultado uns controis máis transparentes, eficientes e harmónicos.

3. OBXECTIVOS DA COMISIÓN EN MATERIA DE CONTROL E DE INSPECCIÓN

♦ *Estratexia.* A Comisión utilizará os medios á súa disposición para o control da aplicación das regras da PCP polos Estados membros e, cando fose necesario, deberá actuar contra as debilidades detectadas nos sistemas de control deses Estados. Ademais, a Comisión proporcionarálle ao público o acceso á información respecto á posta en práctica das normas da PCP. Para acadar este obxectivo, a Comisión Europea desenvolverá unha estratexia que teña en conta as seguintes áreas de actuación:

- A consulta e o diálogo co sector pesqueiro e coas autoridades dos Estados membros verbo das novas medidas de conservación e de control, co fin de maximizar os apoios para levar á práctica as medidas de conservación dos recursos pesqueiros.

- A simplificación da lexislación, ao tempo que se asegura o control e o seguimento das medidas de conservación dos recursos pesqueiros.
- A avaliación e o control da aplicación polos Estados membros das regras da PCP.
- Facilitar o cumprimento das regras da PCP por parte dos Estados membros.
- A transparencia informativa.

◆ *Proceso consultivo.* Segundo a reforma da PCP, os comités consultivos rexionais poden ser constituídos se foran propostos por dous ou máis Estados membros. Nas rexións onde estes comités aínda non estiveran constituídos, a Comisión tomará as medidas oportunas para se reunir co sector e consultar cos Estados membros antes de poñer sobre a mesa novas propostas lexislativas.

Neste contexto continúa a ser necesario o diálogo co sector para facer que se implique no proceso de toma de decisións. O sector ten un interese real no mantemento da saúde dos recursos pesqueiros no longo prazo e dáse conta de que a protección dos recursos non pode senón beneficiarse do cumprimento da normativa vixente.

As medidas que signifiquen unha redución das posibilidades de pesca (por exemplo, as restricións no esforzo ou nas cotas) só poden ser aceptadas polo sector se existe un acordo para que a súa posta en práctica e a súa verificación sexa uniforme. Isto leva a que os datos recollidos polos científicos deban ter unha maior calidade e, polo tanto, as súas opinións poidan estar sustentadas sobre datos máis fiables.

◆ *Controlabilidade e execución da lexislación.* Cando se redacte a lexislación hase poñer un especial coidado para conseguir que esta sexa executable e controlable. As autoridades nacionais encargadas da execución e do control das normas da PCP teñen un coñecemento non desdeñable neste campo. Por iso, é importante implicar os expertos nacionais na elaboración das medidas de conservación e de control. O uso da súa experiencia é a mellor garantía de que a lexislación que se elabore poderá ser aplicada e controlada. Este é, claramente, un requisito previo para asegurar unha aplicación efectiva das regras da PCP.

◆ *Avaliación e control pola Comisión Europea.*

4. PRIORIDADES DE ACCIÓN

De acordo co artigo 27 do Regulamento (EC) núm. 2371/02 do Consello referente á conservación e á explotación sustentable dos recursos pesqueiros no marco da PCP⁸, a Comisión Europea controla a aplicación polos Estados membros das regras da PCP. Para este fin, a Comisión Europea empregará activamente os seus

⁸ DO L 358, de 31/12/02.

inspectores para verificar se os Estados membros aplican efectivamente as regras da PCP. Tendo en conta a limitación dos seus recursos humanos, a Comisión Europea ten que establecer prioridades.

A aplicación efectiva das medidas de conservación referidas aos recursos pesqueiros que se atopan fóra dos límites biolóxicos de seguridade e, sinaladamente, a aqueles que están sometidos a medidas de recuperación constitúe a primeira prioridade. Por suposto, o aproveitamento sostible deses recursos pesqueiros debe ser restaurado no menor tempo posible. Polo tanto, é preciso dedicar a este fin esforzos significativos para chegar a ese resultado.

Outras prioridades son acordadas anualmente polos servizos de inspección da Comisión Europea, logo de facer unha análise dos aspectos máis sensibles e valorando, por suposto, os medios humanos e materiais dos que se dispón. De calquera maneira, a Comisión elaborará relatorios de avaliación da aplicación dos Estados membros das normas específicas referentes a cada unha das prioridades. Así mesmo, de acordo co artigo 35 do Regulamento (CEE) núm. 2847/93, a Comisión ten que elaborar un relatorio xeral sobre a verificación da aplicación da PCP por períodos de tres anos –o último destes relatorios correspondeu ao período 2000-2002 e as súas conclusións xa foron expostas na sección 1 deste traballo–.

5. PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE VERIFICACIÓN E CONTROL

Para reforzar o control e a aplicación das normas aplicables á explotación dos recursos pesqueiros sometidos a plans de recuperación, a Comisión adoptará programas específicos de verificación e control (PEV) para cada un deses recursos.

O obxectivo dunha mellor aplicación das normas de recuperación acadarase máis facilmente se a Comisión e os Estados membros concordan nas mesmas prioridades. A Comisión xa ten expresado a súa intención e levou á práctica unha consulta das autoridades nacionais, a través dos grupos de expertos en control, para elaborar eses PEV e para asegurar a controlabilidade e a aplicación práctica da lexislación adoptada en materia de plans de recuperación.

Os PEV definirán obxectivos comúns de inspección, prioridades comúns e unha lista de verificacións mínimas que cómpre levar a cabo polos inspectores de pesca dos Estados membros en cada acción inspectora. O papel dos inspectores de pesca da Comisión será o de verificar se os Estados membros aplican estas normas e protocolos de inspección (avaliación cualitativa) e se acadan os obxectivos comúns marcados (avaliación cuantitativa).

Tendo en conta o novo contexto despois da reforma, a intención da Comisión é a de facer uso de todos os poderes que lle son outorgados baixo o artigo 27 do Regulamento 2371/02 do Consello, incluíndo o recurso ás inspeccións sen acompañamento das autoridades dos Estados membros (inspeccións autónomas). Os relatorios de inspección seranlles enviados aos Estados membros (antes da reforma non

se facía). En función dos informes dos inspectores de pesca da Comisión, das informacións proporcionadas polos servizos de inspección e control dos Estados membros e doutra información dispoñible, a Comisión, en concertación cos expertos en control dos Estados membros, avaliará o cumprimento das normas.

Ata o momento presente, e logo dunha longa serie de reunións técnicas cos expertos en control dos Estados membros, só foi aprobado un PEV⁹, o que se refire ao plan de recuperación do bacallau e que afecta a oito Estados membros (Alemaña, Bélxica, Dinamarca, Francia, Irlanda, Suecia, Países Baixos e o Reino Unido). Isto aconteceu en xuño de 2005, tres meses antes da súa entrada en vigor –en setembro de 2005–, polo que, ao estar nos seus primeiros meses de aplicación, non resulta doado facer unha avaliación do seu impacto na optimización das inspeccións e dos controis. Existen compromisos explícitos por parte de España e de Portugal para a futura elaboración de PEV referentes á pescada do sur e á cigala na fachada atlántica da península Ibérica, e por parte de Bélxica, de España, de Francia e dos Países Baixos no que se refire ao plan de recuperación do linguado no golfo de Biscaia.

6. TRANSFERENCIA DE FUNCÍONS AOS ESTADOS MEMBROS

Como consecuencia directa do referido anteriormente, e de acordo coas obrigas expresadas no artigo 23 do Regulamento (CE) núm. 2371/02 do Consello, a Comisión transferiralles aos Estados membros certas obrigas que agora leva a cabo ela mesma. Estas incluirán, en particular, a inspección das actividades pesqueiras na área regulada pola Convención NAFO¹⁰ (da que a Comunidade Europea é parte contratante e na que pescan navíos de Estonia, de España, de Lituania, de Letonia e de Portugal). Así mesmo, estes Estados membros tamén serán responsables de embarcar observadores a bordo dos seus pesqueiros (o que se comezou a facer desde o ano 2004).

◆ *Asegurar o cumprimento da normativa.* Antes que nada cómpre concentrarse nas debilidades que foran detectadas nos servizos estatais de control e vixilancia e, moi en particular, naquelas que teñan repercusión nos recursos pesqueiros que estean sometidos a medidas especiais de xestión ou a programas de recuperación.

Os procedementos de infracción, que é o sistema clásico utilizado ata a reforma da PCP, son lentos e dalgún xeito ineficaces, pois a causa que se xulga e o efecto que se espera acadar (forzar o Estado membro a que mellore o seu sistema de control) adoitan estar moi separados no tempo, tendo en conta a fragilidade do medio mariño e moi en particular o de certos hábitats e recursos pesqueiros (nomeada-

⁹ Decisión da Comisión 2005/429/EC de 2 de xuño de 2005; DO L148, 11/06/2005, p. 36.

¹⁰ Siglas que representan á Northwest Atlantic Fisheries Organization (menos coñecida polas siglas en castelán e/ou en francés OPANO –Organización de Pesca do Atlántico Noroeste–).

mente aqueles protexidos ou sometidos a plans de recuperación). Así, se os Estados membros non toman medidas que remedien inmediatamente as debilidades detectadas nos seus sistemas de control e vixilancia, a efectividade das medidas de conservación dos recursos pode resultar diminuída. No suposto de que a conservación de certos recursos pesqueiros se vexa ameazada seriamente pola non aplicación das medidas de control adecuadas, a Comisión Europea poderá, de acordo co artigo 26 (3) do Regulamento 2371/02 do Consello, adoptar medidas preventivas. No caso de que a evidencia probada de certas prácticas, coma os desembarcos sen contabilizar (*black landings*), poida levar a poñer en serio perigo certos recursos pesqueiros, a Comisión Europea poderá promulgar con urxencia medidas preventivas de acordo cos artigos 26 (2) e 26 (3) do Regulamento 2371/02 do Consello. En todo momento, a Comisión Europea tratará de limitar o impacto desas medidas de protección dos recursos nos pescadores que actúen respectando as regras establecidas, pero non sempre poderá evitar que, dalgunha maneira, a súa actividade se vexa afectada.

A Comisión Europea continuará incoando procedementos de infracción contra os Estados membros naqueles casos graves nos que a credibilidade dos principios da PCP se poña en dúbida. Con todo, tratará de racionalizar estas actuacións legais. Por exemplo, naqueles casos nos que os Estados membros sobrepesquen ocasionalmente unha cota, a Comisión Europea fará uso das novas posibilidades lexislativas conferidas pola Reforma da PCP e porá en práctica accións directas para paliar as situacións creadas pola sobrepesca, facendo uso das prerrogativas concedidas polo artigo 23 (4) do Regulamento 2371/02 do Consello.

◆ *Transparencia.* Son varias as medidas pensadas para facer que tanto a avaliación e os feitos descubertos polos inspectores da Comisión Europea coma as deficiencias dos sistemas de control e vixilancia dun Estado membro sexan mellor coñecidas polos outros Estados membros. Entre outros mecanismos podemos destacar os seguintes:

- Os relatorios elaborados polos inspectores de pesca da Comisión Europea, logo de cada unha das súas visitas a un Estado membro, seranlles enviados ao Estado membro visitado, para que as súas autoridades teñan a oportunidade de expresar por escrito os seus comentarios, rectificacións e discrepancias coa interpretación dos feitos. A Comisión Europea comprométese a incluír eses comentarios nunha sección específica da acta final da visita. Este sistema comezou a poñerse en práctica no ano 2004. Se pretende que nun futuro próximo os resumos deses relatorios sexan públicos a través da páxina web da Dirección Xeral de Pesca e Asuntos Marítimos da Comisión Europea.
- Os servizos de inspección da Comisión Europea elaborarán, logo dunha serie de visitas a todos os Estados membros implicados nun programa de inspección específico, un relatorio de avaliación global no que subliñarán as deficiencias atopadas en cada Estado membro e presentarán un cadro de recapitulación coa avalia-

ción comparativa da posta en práctica por cada Estado membro de cada un dos indicadores de cumprimento obxecto da avaliación. Este sistema comezou a poñerse en práctica no ano 2003. Se pretende que un resumo deses relatorios de avaliación se faga público a través da páxina web da Dirección Xeral de Pesca e Asuntos Marítimos da Comisión Europea nun futuro próximo e os relatorios seranlles presentados aos Estados membros no Grupo de Expertos en Control que se xunta mensualmente en Bruxelas para discutir temas de inspección, control e vixilancia.

- Desde o ano 2003, a Comisión Europea elabora e fai público a través dunha comunicación da Comisión (documento publicado tipo COM) e da páxina web da Dirección Xeral de Pesca e Asuntos Marítimos da Comisión Europea un marcador de cumprimento das obrigas dos Estados membros en materia de control e vixilancia (*Compliance Scoreboard*).

7. REFORZAMENTO E HARMONIZACIÓN DO CONTROL E DA APLICACIÓN PRÁCTICA DAS MEDIDAS DE CONSERVACIÓN DOS RECURSOS

O capítulo V do Regulamento (CE) núm. 2371/02 proporciona un novo marco legal para os sistemas de control e vixilancia no ámbito comunitario. Este sistema está deseñado para que, en efecto, o acceso aos recursos pesqueiros e á súa explotación se poida controlar a través de toda a cadea de produción (desde a pesca extractiva ata o consumidor final) e para verificar o cumprimento das normas da PCP, incluíndo as políticas estruturais (flotas) e de mercados.

A aplicación práctica das medidas de conservación dos recursos pesqueiros está lonxe de ser uniforme, equitativa e efectiva no ámbito comunitario. É neste contexto no que a Comisión Europea elaborou unha estratexia que inclúe unha serie de medidas de cooperación entre os Estados membros. Estas medidas foron publicadas como unha comunicación da Comisión¹¹, que propón:

- Un plan de acción para a cooperación en materia de control e vixilancia que inclúe unha lista de accións para poñer en práctica conxuntamente polas autoridades competentes dos Estados membros e pola Comisión Europea.
- A proposta, por parte da Comisión, dunha estrutura común de inspección no ámbito comunitario (o que máis tarde se convertería no que hoxe é a Axencia Europea de Control de Pesca).

♦ *O plan de acción para a cooperación en materia de control e vixilancia.* A Comisión Europea identificou que, ademais dun novo marco regulador, cómpre ter

¹¹ Comunicación da Comisión ao Consello e ao Parlamento Europeo “*Cara a unha posta en práctica uniforme e efectiva da Política Común da Pesca*”, COM (2003) 130 final, de 21/03/03.

como prioridade un esforzo coordinado entre os Estados membros para poder acadar así unha adecuada posta en práctica das regras da PCP. O plan de acción para a coordinación en materia de control ten que integrar as estratexias estatais no conxunto dunha estratexia comunitaria.

Para acadar este obxectivo, a Comisión Europea propuxo unha serie de accións que faga máis efectivo e racionalice o uso dos medios de control e de vixilancia a través de:

- A utilización dos medios dos que se dispoña prioritariamente nunha serie de recursos pesqueiros, sinaladamente naqueles sometidos a plans de recuperación.
- A adopción de programas específicos de verificación e control, incluíndo a definición de prioridades de inspección e obxectivos cualitativos para cada un dos recursos pesqueiros seleccionados.
- A avaliación periódica deses programas específicos.

Ademais, a Comisión Europea subliñou a necesidade de formular e adoptar procedementos polo miúdo para regular a cooperación entre as autoridades dos Estados membros dun xeito ordenado, proponendo as seguintes accións:

- A racionalización do rexistro e comunicación de datos.
- O incremento da efectividade de inspección e vixilancia a través de protocolos de acceso aos datos polas distintas autoridades de control. Neste sentido, os Estados membros definirán coordinadores para que provean a información relevante ás autoridades doutros Estados membros.
- A garantía de confidencialidade da información transmitida, particularmente cando se trate de buques pesqueiros ou doutros operadores individuais do sector.
- A harmonización das comunicacións operacionais entre plataformas inspectoras (lanchas de control, avións e mesmo centros de seguimento por satélite).
- A mellora da efectividade no seguimento de infraccións detectadas en navíos que enarboran o pavillón doutro Estado membro ou de países terceiros, en particular poñendo a disposición dos outros Estados membros unha lista de coordinadores que poidan responder nun curto prazo a unha petición de información.

Finalmente, a Comisión Europea chegou á conclusión de que os niveis de inspección e vixilancia non son percibidos polo sector como uniformes en todo o territorio e nas augas da Comunidade, proponendo unha serie de accións para mellorar este aspecto:

- Garantir o principio da non discriminación na condución da inspección (tanto na selección dos navíos ou operadores que han ser inspeccionados coma no tratamento ante a inspección física ou o seguimento de posibles infraccións).

- Promover a redacción dun código de conduta que se discuta entre os inspectores de todos os Estados membros e do sector para garantir unha inspección profesional, segura e xusta.
- Para reforzar a cooperación entre a Comisión Europea e as autoridades competentes dos Estados membros, a Comisión deberá proporcionarlles información sobre as súas inspeccións aos Estados membros no seo do Grupo de Expertos de Control.

♦ *Proposta da Comisión Europea dunha estrutura de inspección conxunta no ámbito comunitario.* A organización da coordinación das actividades de inspección e vixilancia e a cooperación neste eido levada a cabo dun xeito voluntario¹² polos Estados membros require dun mecanismo no ámbito comunitario que poida asegurar a súa operatividade. A Comisión Europea identificou que o medio para acadar este obxectivo sería a creación dunha estrutura de tipo axencia que garantise esa coordinación e cooperación.

Na reunión de primeiros ministros que tivo lugar o 13 de decembro de 2003, os representantes dos Estados membros saudaron a intención da Comisión Europea de propoñer antes do mes de marzo de 2004 unha proposta para o establecemento dunha Axencia Comunitaria de Control das Pescas.

A Axencia Comunitaria de Control das Pescas foi creada no mes abril de 2005¹³. Cómpre subliñar, para evitar equívocos nas súas funcións, que a posta en funcionamento da axencia non implicará ningunha alteración nas obrigas dos Estados membros en materia de aplicación das medidas da PCP, nin nas da Comisión Europea que ten que garantir os cumprimentos das obrigas por parte dos Estados membros.

A súa misión específica é a de organizar a coordinación operacional das actividades de control e inspección exercidas polos Estados membros relacionadas coas obrigas da Comunidade en materia de inspección, control e vixilancia. Deberá, tamén no dominio das súas competencias, prestarlles apoio aos Estados membros no cumprimentos das tarefas e das obrigas decorrentes das regras da PCP e na harmonización da aplicación desa política en toda a Comunidade. Outra das súas funcións consistirá en auxiliar os Estados membros para comunicarlle á Comisión Europea e a terceiros países as informacións relativas ás actividades de pesca e ás actividades de inspección, control e vixilancia. A Axencia coordinará, ademais, as operacións de combate á pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, de conformidade coas normas comunitarias.

¹² Exemplo destas accións de cooperación voluntaria entre os Estados membros son a *Operación Shark*, que se leva a cabo cada ano no mar do Norte e na que participan os buques de inspección do Reino Unido, dos Países Baixos, de Bélxica e de Francia, ou a *Operación Saint-Pierre*, que se leva a cabo na canle da Manga entre o Reino Unido e Francia. Con todo, estas operacións de vixilancia marítima son esporádicas e non constitúen máis ca un antecedente menor aos plans de mobilización que se supón que poñerá en práctica a Axencia.

¹³ Regulamento (CE) núm. 768/05 do Consello, do 26 de abril de 2005; DO L 128, 21/05/2005, p. 1.

En concreto, a Axencia deberá coordinar a mobilización común dos inspectores e dos medios de acción dos Estados membros, é dicir, que o seu cometido é basicamente operacional. En función dunha estratexia definida no ámbito comunitario ou no internacional (no caso de que actúe nun plan conxunto que haxa que realizar en augas internacionais ou no seo dunha organización internacional de pesca), deberá establecer, en concertación coas autoridades dos Estados membros (ou das partes contratantes dunha organización internacional de pesca), uns plans comúns de mobilización para acadar obxectivos específicos (en termos de pesqueiras, de plans de recuperación, de flotas, de zonas de pesca, etc.). Para executar eses plans, a Axencia deberá formar equipos de inspectores de varias nacionalidades que utilizarán os medios (buques, aeronaves...) postos á súa disposición polos Estados membros implicados. Están aínda en discusión os regulamentos de aplicación desta modalidade, pois as lexislacións dos distintos Estados membros non prevén, na súa maior parte, situacións de cooperación deste tipo, e cómpre determinar se os inspectores doutros Estados membros van ter poder sancionador nas augas ou no territorio doutro Estado membro, e cales serán os límites deses poderes. (En realidade, trátase de clarificar a metodoloxía de traballo e as competencias dos inspectores que están esbozadas no artigo 28 do Regulamento (CE) núm. 2371/02).

A Axencia poderá, así mesmo, formar inspectores, facilitar a aplicación de novas tecnoloxías, establecer procedementos comúns de control, etc. Por pedimento dos Estados membros poderá prestarlles servizos contractuais a expensas destes, tales como o fretamento e xestión de lanchas de vixilancia ou a contratación de observadores.

Para sermos explícitos, a creación desta Axencia Comunitaria de Control das Pescas ten como obxectivo asegurar unha aplicación máis homoxénea, transparente e equitativa das regras da PCP no eido da inspección e da vixilancia das actividades pesqueiras. Ao xuntar os seus medios de control e planificar de xeito harmonizado as súas intervencións, os Estados membros, coa coordinación da Axencia, poderán actuar dunha forma máis eficaz e garantir unha aplicación efectiva da lexislación comunitaria. Esta Axencia Comunitaria de Control das Pescas terá a súa sede en Vigo e deberá comezar a funcionar no ano 2006, aínda que se agarda que nos seus inicios non sexa operacional polo tedioso proceso necesario para a selección do persoal. Cando escribo isto –no mes de novembro de 2005–, aínda non está nomeado o director executivo, que será o paso necesario para iniciar a selección do persoal altamente especializado que precisa a Axencia.

8. A XEITO DE CONCLUSIÓN

A reforma da PCP supuxo unha clarificación das responsabilidades de control por parte dos Estados membros e un posicionamento claro da Comisión Europea expresado polo plan de acción presentado como unha comunicación da Comisión

ao Consello e ao Parlamento Europeo co título *Cara a unha posta en práctica uniforme e efectiva da Política Común da Pesca*.

A Comisión ten identificadas unha serie de prioridades, entre as que se inclúen un plan de acción para a cooperación en materia de control e vixilancia, e a creación dunha axencia comunitaria de control das pescas. Unha vez que estas iniciativas estean funcionando, espérase unha mellora substancial no cumprimento das regras da PCP, ata agora unha materia pendente no ámbito comunitario, e só desta maneira: cun respecto ás normas e cunha maior implicación dos Estados na posta en práctica da política que eles mesmos aprobaron¹⁴. Teremos que esperar, pois, ao relatorio de control elaborado pola Comisión para o período 2003-2005 para ver se a situación mellora coas novas estratexias adoptadas.

Estamos, xa que logo, nun período de transición entre a “vella” e a “nova” política común, xa que aínda existen regulamentos importantes, coma o Regulamento de control (2847/93) ou o Regulamento do rexistro de capturas (2807/83), que claramente pertencen ao pasado. Estes regulamentos terán que ser adaptados tanto á situación política actual (nova PCP) como ás innovacións tecnolóxicas, que revolucionarán nos anos vindeiros toda a práctica da inspección, do control e da vixilancia das actividades pesqueiras.

Entre as novas tecnoloxías destacarán o uso intelixente e automático dos sistemas de información vía satélite (VMS) ata agora infrautilizados, o rexistro de capturas nos futuros cadernos diarios de pesca electrónicos (en avanzado estado de investigación e estandarización), os identificadores de radio frecuencia e os radares de alta definición (actualmente en fase experimental no Centro Común de Investigación) ou a mellora no almacenamento e na transmisión de datos entre Administracións (a través das sucesivas versións melloradas do programa FIDES).

¹⁴ Cómpre non esquecer que aínda que a Comisión Europea teña a iniciativa lexislativa, os regulamentos sofren en xeral múltiples modificacións durante o período no que se discuten no Consello. É o Consello, en definitiva, nuns casos mesmo a través do procedemento de codecisión co Parlamento Europeo, o que decide a versión final dos textos publicados como regulamentos do Consello.